

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

MARÍA LADO, POETA

"En 'Nove' para min era importante marcar moito o sentimento de dor"

Presenta 'Nove', un poemario co que o pasado ano obtivo o Avelina Valladares da Estrada.

Marcos S. Pérez - 11:00 15/06/2008

Así doe novembro/ así doen as moas apretadas contra ti, coma un barco/ unha traxedia para un pobo/ ou o recordo dun membro fantasma. doe/ porque non te das ido aínda que marcharas... Así comeza Nove, o último libro de María Lado, que vén de saír do prelo, dezasete poemas que fálan de dor, de lugares mordidos, de paisaxes como coitelas, de fuxir, de esquecer, e do que é peor, de non ser quen, nin sequera, de lembrar: hai días en que, simplemente/ é imposible pensar en fuxir.

María Lado (Cee, 1979) publica o seu cuarto poemario, despois de *A primeira visión* (1997), *Casa Atlántica Casa Cabaret* (2002) e *Berlín* (2005). O *Nove* de María Lado preséntase cunha capa realizada por David Rubín. O poemario obtivo o Premio Avelina Valladares da Estrada en 2007, sucedendo no palmarés a Arsenio Iglesias Pazos, cuxo *Ático* aínda non foi publicado por Edicións Fervenza. María Lado continúa compaxinando a poesía co teatro, os espectáculos poéticos con Lucía Aldao e as videocreacións.

Comezaches a escribir *Nove* antes que *Berlín* mesmo, creo. Por que foi un proceso tan longo?

Pois porque cadrou así, e moitas veces pásame, que fago un poema que me dá idea para facer unha historia maior, unha serie de poemas, pero tardan tempo en facerse, digamos en cociñarse a idea central, aí, na miña cabeza. E despois aínda hai que escribir os poemas, co cal a cousa foise dilatando. Antes de moitos dos poemas houbo relatos, pequenas anotacións, descricións de lugares..., centos de cousas que despois acabaron dentro dos versos de nove, pero pasado un proceso moi lento.

Aínda doe novembro?

Hehe... pois a verdade é que pasou moito tempo e o que doe é a memoria de novembro, mellor dito, a desmemoria de novembro, a falta de acordo.

Doe máis o recordo ou a ausencia total?

Eu creo que doe a ausencia de recordo, ou sexa o que pertence ao campo semántico da memoria. A ausencia doe, pero o esquezo é moito peor que todo iso, porque o feito de recordar é o que fai que algo se manteña e non marche.

Pero supoño que, en parte o que non doe, aínda que sexa un pouco, non presta, non si?

Pois si, algo así. Non é tanto que non preste como que realmente non alcanza unha dimensión tan considerable como cando doe. No caso dos poemas de *Nove* para min era importante marcar moito o sentimento de dor, xa que foi un libro nacido a raíz do *Prestige* (de aí tamén a presenza da memoria e da desmemoria). E achegarles aos sentimentos derivados deses días un sentimento de dor íntimo e forte como o que buscaba no libro ofrecíame unha imaxe interesante do ocorrido. Moi potente, digamos.

Que foi o *Prestige* para a poesía galega?

Pois para a poesía galega en xeral non o sabería dicir, tal vez só un momento de inflexión, de mostra de solidariedade ou simplemente un motivo temático pasaxeiro. Creo que en xeral todo o ocorrido ao redor desas datas e eses feitos potenciou, iso si, un contacto intenso entre diferentes creadores que de súpeto coincidían nunha...misión...común, nun terreo compartido. E iso debeu potenciar, ao meu ver, moitas colaboracións, coñecementos e experiencias comúns que deberon incidir no facer dalgunha xente. Cando menos así o percibo eu. Agora o que foi para a poesía en concreto, se é que foi algo, haberá que velo co tempo. Para min en concreto supuxo unha especie de volta ao mar e a busca dunha visión deste país lonxe do paisaxístico e apracible.

E que queda diso? desas redes que se formaron..., desas experiencias compartidas...

Ben, quedan moitas amizades e proxectos comúns, supoño, e tamén unha rede social que creo que se mantén viva, relaxada, ás veces, pero viva.

No libro, que papel cumpre ese 'bonus track'?

Hahah..., pois é un regaloño, simplemente, unha bonificación ao lector. Eses poemas comparten cos anteriores localización, aínda que non comparten tempo narrativo, pois son anteriores, nin tema, pois falan da relación entre Alicia e o doutor, pero están tamén ambientados en novembro.

Lin moitas veces aquilo de "paríronme nun coche da Velvet Underground...". Como foi iso?

Pois foi que miña nai deu a luz nun coche, un taxi dun home de Cee, porque daquela a viaxe a Santiago era longa e non sempre se chegaba. e miña nai foi das que non chegou. E de aí vén ese verso, que forma parte dun poema da Primeira Visión.

E o da Velvet?

Por unha canción que eu relacionaba coa infancia, e que era da Velvet.

Ti, que viviches en Compostela, na Coruña..., supoño que cando se é da Costa da Morte, ése da Costa da Morte toda a vida, non si?

Pois si, pero supoño que cando un é de Forcarei, por exemplo, tamén o é para sempre. Creo que en xeral temos un sentimento localista con respecto ás nosas raíces moi forte. E eu sempre digo con orgullo de onde son, porque me parece, que vou dicir eu, un gran lugar que, por desgraza, non nos pode dar de comer.

Que che aportou [Casatlántica](#) e esas relacións que se crean na rede?

En primeiro lugar aportoume moito divertimento, e, o blog en si, moito escribir, que é algo que me satisfai moito. Por outra banda, tamén coñecer a xente interesante que fai cousas que me flipan e poder incluso colaborar con eles. Sobre todo descubrir cousas. Supoño que iso aportarallo a todo o mundo que estea disposto a deterse a mirar un anaquiño.

Fixeches unha radionovela, videopoemas, spoken word con Fanny & Alexander, o espectáculo poético con Lucía Aldao... A poesía é algo máis que palabras nun papel, non si?

Si, creo que a esencia da poesía está en moita cousas deste mundo: na música, nas imaxes, na tele..., está en

todas partes e ademais todo o que hai é susceptible de ser poético, de ser convertido en poesía, o cal é unha fonte inesgotable. E si, creo que sacar a poesía do papel e levala ás rúas, aos bares, aos colexios e á internet, baixo diversas manifestacións e formas, é algo -ademais de moi divertido- moi necesario.

...Onde se poña un cubata...

Hehe, que se quite un soneto. Iso foi un chiste parvo que nos saíu a lu e a min nun ensaio e quedou de título, non sei se afortunado ou non, dos recitais. Pero o que queríamos dicir é que a xente que lle ten medo á poesía porque pensa que é un coñazo non debe temernos a nós, que somos xente normal, que disfruta andando de marcha e ao tempo lemos -e incluso escribimos- poesía.

Por certo, vai saír algo deses recitais con Lucía Aldao? Un libro conxunto...?

Pois nunca o plantexamos, a verdade, pero agora que o dis..., editores do mundo..., animarse!

Pésache non lle ter dedicado máis tempo ao teatro? Vas seguir facendo obras?

Eu a verdade procuro non andar arrepentíndome do que fixen e do que non porque non leva a ningún sitio. Polo demais dedico o tempo que podo ao teatro e vouno facendo pouco a pouco. Polo de agora aínda estamos xirando *Pan* e teremos aínda para un anaco. Despois xa se verá, nunca se sabe o que a vida lle vai traer a un.

Algún poeta para ter sempre na mesa de noite?

Uf...uns cantos...e narradores tamén... Eu non son moito de idolatrar a ninguén, senón que hai moitos e variados autores aos que admiro, así que cando me atopo con este tipo de preguntas adoito recomendar o último que lera ou o que estea a ler. Agora mesmo releo *Mientras tanto dáme la mano* de Kirmen Uribe e o último libro de María Eloy García (*Cuánto dura cuánto*). Así que esas son as miñas recomendacións.

Un debuxante ou ilustrador nin pregunto xa, non? David Rubín e ti ides para parella artística...

Hehe...si, pero iso é basicamente porque nos une unha grande amizade. Pero ilustradores e autores de tebeos, e David saberá perdoarme porque sabe que se atopa entre eles, hai moitos que me gustan. Ademais creo que David e eu, e isto sempre o pensei, funcionamos ben traballando xuntos porque temos unha poética moi semellante e por iso nos entendemos.

Xa para rematar. Tes algún proxecto artístico en marcha?

Pois polo de agora ando con cousas de nove a voltas, facendo algún vídeo e intentando pechar cousas para unha edición dixital, pero é todo canto teño proxectado. De calquera maneira, en canto teña novidades, darei un berro aí á porta da Casatlántica.

Escoitare molo.

Oes, teño que che deixar, que vou pelexarme cunhas señoras famélicas e esaxeradas pola crise a ver se atopo froita fresca...

...O desabastecemento...

Hehehe, ese mesmo..., e eu con antollo de laranxas, manda nabo.